



RESOLUCIÓN da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña, pola que se adxudica o incremento de cotas de captura ás embarcacións seleccionadas incluídas no plan conxunto de xestión do recurso específico ourizo, modalidade dende embarcación, das confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira (ZV) aprobado para o ano 2020 e prorrogado ata o 31 de decembro de 2021.

De conformidade có establecido na resolución do 21 de outubro de 2020 da X.T. da Consellería do Mar na Coruña, que publica a lista definitiva para o incremento de cotas de captura para mergulladores no permiso de explotación das embarcacións incluídas no plan conxunto de xestión do recurso específico ourizo do ano 2020 e prorrogado ata o 31 de decembro de 2021.

RESOLVO:

Adxudicar unha (1) cota de captura para mergullador no permiso de explotación, a cada unha das seguintes embarcacións:

JAVI 3ª CO-5-2029 da sociedade limitada Ría de Finisterre S.L., que pasa a ter 4 cotas de mergullo de ourizo no permiso de explotación.

NUEVA GIRALDA 3ª CO-4-5-04 de Santiago Blanco Lojo e Antonio Goyanes Piñeiro, que pasa a ter 3 cotas de mergullo de ourizo no permiso de explotación.

De conformidade coa documentación que acredita o número máximo de tripulantes autorizados de acordo coas características das embarcacións.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. Tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios das confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira e na xefatura comarcal de Ribeira.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación.

A xefa territorial

Mª José Cancelo Baquero

